

# O Concello de Ribadumia quere facilitar o pago das taxas municipais, sen intereses.

## ¿Como funciona o Plan de pagos personalizado?

O Plan de pagos personalizado calcula o total dos recibos anuais e divídeos en tantos pagos como se soliciten (2, 3, 4, 5 ou 6 cotas) que se cargan na conta bancaria nas datas fixadas.

## ¿Que vantaxes ten?

Págase por banco en cotas iguais fixadas en función do número de prazos nos que se queira dividir.

Non ten intereses.

## ¿Que pasa coa cota do 01 de outubro?

A cota de outubro será a diferenza entre o importe pagado nas distintas cotas e o importe final dos recibos do ano en curso, para que non pagues de máis. E si sae negativo ingresámosche a diferenza.

## ¿Como podo solicitar o Plan de pagos personalizado?

Nas oficinas municipais, cubrindo o modelo de solicitude e aportando o número de conta (IBAN) non cal se queren domiciliar os recibos.

## ¿Que prazo teño para solicitar o Plan de pagos personalizado?

O Plan de pagos personalizado pode solicitarse entre o 01 e o 31 de xaneiro, para o ano en curso.

Si o solicito despois do 31 de xaneiro, a alta farase para o ano próximo.

## ¿Canto dura o Plan de pagos personalizado?

O Plan de pagos personalizado ten duración permanente, en tanto non se solicite a baixa ou se modifiquen as condicións solicitadas inicialmente.

## E se non quero acollerme ao Plan de pagos personalizado, ¿cando teño que pagar as taxas municipais?

O pago dos recibos farase nas datas aprobadas no calendario fiscal correspondente a cada ano.

## ¿Que pasa cos recibos da auga? ¿Cando teño que pagalos?

Os recibos da auga, ó non ser unha cantidade fixa, non pode entrar no Plan de pagos personalizado e, polo tanto, teñen que pagarse nas datas aprobadas no calendario fiscal correspondente a cada ano.